

## SEGUEN A FACER RECORTES EN DEREITOS ASISTENCIAIS E NA SANIDADE PÚBLICA

### NON AO PECHE DE CAMAS EN SAÚDE MENTAL

Á Conselleira de Sanidade e aos seus Xerentes dálles igual que as condicións de saúde mental da poboación se teñan agravado, cuns indicadores de mala evolución incontestables: o aumento de trastornos psíquicos, o incremento dos suicidios, a elevación do consumo de psicofármacos, a maior morbi-mortalidade daqueles que sufren trastorno mental grave. Estes indicadores, entre outros, non son os datos que orientan a súa xestión. A quen nos goberna élle indiferente que a situación dos máis febles da sociedade siga a empeorar. Eles teiman nos recortes en servizos esenciais para a poboación, nomeadamente da sanidade pública.

Para este verán, outramente, volven tentar pechar prazas de hospitalización psiquiátrica na Área Sanitaria de Compostela. Pretenden eliminar 15 prazas hospitalarias na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital Medico - Cirúrxico de Conxo.

Argumenta a Conselleira que é debido ás vacacións do persoal, e que sempre se fixo así, e que tamén sempre se protestou por iso. Só ten razón na última das afirmacións. No referido á atención ás persoas con enfermidade mental os dous primeiros argumentos son radicalmente falsos. Mente a Consellería, coma o ano pasado xa mentía o Xerente da Área de Santiago cando argumentaba que se podían pechar prazas de hospitalización psiquiátrica no Hospital Gil Casares porque a ocupación era baixa (cando daquela era superior ao 85%, e quen así argumentaba era coñecedor diso).

Non lograron pechar o ano pasado, no que foi o primeiro intento de supresión de prazas psiquiátricas aproveitando o que chaman “peche estacional”. Entón non é certo que sempre se fixera.

Tampouco o é que sexa por causa das vacacións do persoal asistencial, xa que os profesionais de saúde mental veñen asumindo dende sempre temporalmente a variación da carga de traballo estacional para posibilitar o descanso de todos/as, sen por iso eliminar ningún recurso asistencial. Minten así outra vez.

Ocultan que o recorte que dende a Consellería e a Xerencia da Área se está a realizar en persoal asistencial, como parte da súa xestión da crise, fai que se achegue o momento da redución de prazas hospitalarias. Con isto recórtanse xa abertamente os dereitos asistenciais dos cidadáns e especialmente dos máis vulnerables e necesitados. Parecen pensar que os cidadáns enferman por riba das súas posibilidades.

Dende o **Movemento Galego da Saúde Mental** afirmamos que non sobra, nin tan sequera temporalmente, unha soa praza de hospitalización psiquiátrica na Área Sanitaria de Compostela, xa que as condicións de saúde mental da poboación están a agravarse e os

padecementos psíquicos non son estacionais. Afirmamos tamén que se está a restrinxir inxustamente o dereito dos cidadáns ao tratamento hospitalario mediante a negativa a realizar ou demorar o ingreso psiquiátrico, ou mesmo dando a alta precozmente, derivando así de xeito inaceptable a carga do coidado e a asistencia sobre as familias dos pacientes.

Non é tolerable o peche dun só recurso de atención á saúde mental. A infradotación nesta área asistencial é recoñecida por todos. O empeoramento da saúde mental da poboación por culpa da crise está demostrado. É unha proba de inxustiza, insensibilidade e irresponsabilidade dos nosos gobernantes reducir recursos de hospitalización psiquiátrica nun momento así.

O **Movemento Galego da Saúde Mental** chama a todos, profesionais, usuarios, familias, cidadáns, organizacións sociais e institucións públicas, a opoñerse cívicamente a estas pretensións dos xestores da sanidade pública galega, a defender o patrimonio de todos, e a pelexar polo dereito á saúde e á asistencia sanitaria.

En Santiago a 8 de xuño de 2015

<https://www.facebook.com/movementogalegodasaudemental?fref=nf>

<http://movementogalegodasaudemental.blogspot.com.es/>

O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental da comunidade e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CCOO) , Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de profesionais de drogodependencias, Asociación Galega Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería Saúde Mental, Mesa Galega Psicoloxía Clínica, Asociación Galega Psicólogos Internos Residentes, Asociación Psicólogos Clínicos, Equipo Boa Vida, Asociación Galega de Saúde Mental-Asociación Española de Neuropsiquiatría.